

O CORNO

Jaione Camborda, 2023

1180

ESTREA EN NUMAX: 11.10.2023 | V.O. | 103 min

Illa de Arousa, 1971. María é unha muller que se gaña a vida mariscando. Tamén é coñecida na illa por axudar a outras mulleres nos seus partos con especial dedicación e coidado. Tras un inesperado suceso, vese obrigada a fuxir e comeza unha perigosa travesía que a fará loitar pola súa supervivencia. Na procura da liberdade, María decide cruzar a fronteira por unha das rutas de contrabando entre Galicia e Portugal.

«O tipo de historia de supervivencia capaz de facer que as uñas se nos craven á butaca»

Nando Salvà, EL PERIÓDICO



Entrevista con Jaione Camborda: «Quería centrarme no corporal e non tanto no psicolóxico»

Por Cristóbal Soage

Esta é unha historia de maternidade e sororidade dirixida, producida e protagonizada case exclusivamente por mulleres. Cres que a rede de sororidade que hai no filme existe tamén na industria do cinema? Creo que agora mesmo hai un momento de celebración porque está nacemento unha xeración forte de cineastas mulleres que está conseguindo moito eco internacional e nese sentido estamos todas celebrando. Chega tarde, pero por fin estamos podendo facer cinema. Antes estábanos vetado, non se nos daba a posibilidade de facelo. Nese sentido estamos moi felices de que se empecen a ver froitos de toda esa loita que hai detrás. E creo que a sororidade existe actualmente en todos os ámbitos, incluído o cinema.

O filme abre cunha escena de parto impresionante, moi vivida. Como se constrúe esa escena? Por un lado parte desde o casting. Encontrei a Julia Gómez, que é unha muller que foi nai pouco antes da rodaxe, polo que tiña moi integrada as sensacións do que é o parto, tiña aínda o recordo no corpo e iso foi importante. Pensámolo como algo moi animal, moi mamífero. A rodaxe dividiámola en dilatacións, porque en cada momento da dilatación hai unha sensación corporal diferente. Iamos sendo moi fieis ao proceso en si da muller e separábámolo desa maneira. Interesábanme moito eses momentos de tempo suspendido entre as contraccións. Creo que se viu moito no cinema o expulsivo, pero non tanto ese proceso de parto que hai tan dilatado no tempo previo. Parecíame moi importante ver esa muller conectada co seu corpo e transcendéndoo á súa vez. Sempre vimos a muller moi desconectada do seu corpo, berrona, histérica case. E parecíame que en realidade é un proceso moi contrario, quería centrarme no corporal e non tanto no psicolóxico.

Todo o reparto fai un gran traballo, pero destaca a protagonista Janet Novás. Como traballaches con ela unha interpretación tan esixente física e emocionalmente? Janet estivo moi comprometida co proxecto. É unha creadora e polo tanto ten unha capacidade de entender as situacións emocionais moi forte. Interesábame moito por ese aspecto de bailarina contemporánea. Ten un corpo forte, un habitar no mundo a través do corpo. Iso é o que buscaba para o meu personaxe. Ademais, ela vén dunha zona rural, Cans no Porriño. A súa familia está ligada ao traballo da terra e a súa inspiración para o personaxe viña directamente da realidade.

O filme amosa unha gran atención aos detalles. Parécenme destacables nese sentido a dirección artística e o vestiario. Como foi traballar con eses departamentos? A arte fíxoa Melania Freire e Uxía Vaello fixo o vestiario. Foi xenial traballar con elas porque ambas posúen unha creatividade marabillosa. E captaron ese lugar sutil ao que quería chegar, traballámolo moito entre as tres. Houbo moito rigor en investigar esa época e á vez buscar aspectos que conectasen co actual, que deixasen o espectador ter unha experiencia que ás veces fixese esquecer esa época e a entendese como actual. Buscamos ese diálogo entre a historia e o momento presente.